

## RECOMENDACIÓNS PARA 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estimadas familias, debido á situación actual na que nos atopamos, queremos facilitar unha serie de recomendacións para poder continuar o repaso das distintas materias cos nenos e nenas na súa casa. Recomendamos a lectura de contos, xogos de mesa e elaboración de pequenas producións escritas adecuadas ao seu nivel educativo.

Lembramos que se trata de actividades **OPCIONAIS E VOLUNTARIAS**.

### Actividades para 1º A

**Matemáticas:** facer sumas e restas

**Lingua Galega:** repasar ata o tema 7

**Lingua Castelá:** ler

**Ciencias da Natureza:** ata o tema 4

**Ciencias Sociais:** ata o tema 4

### Actividades para 1º B

Poden realizar as actividades do libro e as fichas para complementar o traballado e repasar ou traballar unicamente un dos dous recursos. É algo voluntario polo que non están obrigados a facelo nin é necesario facer todo o que aquí se especifica xa que é un traballo previsto para unha larga duración de tempo.

Como recomendación coméntolles que na clase cada día facemos dúas páxinas das materias que nos tocan no horario polo que poden continuar con esa rutina se así o desexan.

#### Matemáticas

Das páxinas 116 á 119.

Inclúense un documento con tarefas para reforzar tanto a suma con dúas cifras e as restas. Non esquezan insistir na necesidade de que empecen sempre as operacións pola posición das unidades.

#### Lingua Galega

Dende as páxinas 152 á páxina 165 e ler.

## **Lingua Castelá.**

Inclúese un pdf no que poden atopar actividades para traballar. Poden atopar tamén unha folla que poden usar de modelo para facer diferentes actividades como poden ser pequenos ditados, escribir pequenas composicións (contos, receitas, adiviñas...), facer algunha pequena copia... Insistan en que faga unha boa letra e nunha boa presentación. Á hora de traballar a comprensión e a lectura en voz alta poden facelo a través de contos facendo preguntas e conversando sobre os temas que se tratan.

## **Ciencias da Natureza**

Páxinas dende a 60 á 67. Conta con un pdf no que poden facer actividades de reforzo sobre o tema dos animais. Poden usar youtube para ver videos dos animais que a aos nenos e nenas lles interesen.

## **Ciencias Sociais.**

Páxinas da 56 á 65. Tamén se adxunta un pdf con actividades de reforzo.

Paxinas web con recursos:

<https://primerodecarlos2.blogspot.com/>

<https://www.mundoprimeria.com/juegos-educativos/juegos-matematicas/numeros/num-primer0>

<https://www.mundoprimeria.com/juegos-educativos/juegos-lenguaje/gramatica/gra-primer0>

<https://www.mundoprimeria.com/juegos-educativos/juegos-lenguaje/vocabulario/voc-primer0>

<https://www.mundoprimeria.com/juegos-educativos/juegos-lenguaje/ortografia/ort-primer0>

<https://www.mundoprimeria.com/lecturas-para-ninos-primaria/lecturas-cortas-y-rapidas>

<https://arbolabc.com/juegos-de-memoria>

<http://figuesfx.blogspot.com/>